



Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de abril de 2023
Duración	Desde as 13:00 ata as 15:15 horas
Lugar	Casa Consistorial
Presidida por	JOSÉ PARDO LOMBAO
Secretario	Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34228266B	Antonio López Pérez	SÍ
33329791P	Elvira Lombao Vila	NON
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33854156L	Luis Varela Pérez	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ





Concello de Outeiro de Rei

33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33840863C	Rita Castedo Meilán	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Elvira Lombao Vila: «motivos laborais»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Os membros do pleno da Corporación aproban, por unanimidade, a acta da sesión de 23 de febreiro de 2023

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA A QUE OS GRUPOS POLÍTICOS DISPOÑAN DUN LOCAL E MEDIOS MATERIAIS PARA PODER EXERCER A SÚAS FUNCIÓNS

A voceira do PSde G- PSOE da lectura á moción presentada relativa á visibilidade dos





Concello de Outeiro de Rei

diferentes grupos políticos da corporación, que se copia:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois destes case 4 anos de lexislatura municipal, os grupos da oposición seguimos tendo escasa ou máis ben nula visibilidade na Casa do Concello de Outeiro de Rei. Sen embargo, o feito de que haxa veciños e veciñas que votaran e que votarán para que teñan a posibilidade de que se vexan representados por varios grupos políticos a través de concelleiros e concelleiras quere dicir que procuran voces que expresen nos diferentes órganos municipais o que eles necesitan e solicitan dun Concello e que, no fondo, son os seus conveciños, que coñecen de primeira man os problemas do seu municipio e as realidades que están vivindo.

O Artigo 27 do Capítulo II do Regulamento da Organización das entidades locais titulado "Grupos políticos", di que "En la medida de las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local, los diversos grupos políticos dispondrán en la sede de la misma de un despacho o local para reunirse de manera independiente y recibir visitas de ciudadanos y el Presidente o el miembro de la orporación responsable del área del régimen interior pondrá a su disposición una infraestructura mínima de medios materiales y personales" ebido aos problemas xurdidos ao longo desta lexislatura ocasionados pola pandemia que desgraciadamente todos e todas levamos sufrindo, tivemos que evitar calquera tipo de reunión polas restricións que se nos impuxeron desde diferentes institucións e por esa razón vimos minguadas as posibilidades de entrar nun contacto directo coa veciñanza. Durante o confinamento e nestes anos, se un veciño ou veciña entrou nesta Casa do Concello na procura de algún medio polo que poder contactar con algún concelleiro diferente dos do Goberno, non tiña maneira. Así mesmo, se buscou na páxina Web do concello, mesmo no chamado portal da transparencia, tampouco puido logralo.

Pensamos que xa é momento abondo para que este Alcalde, que tantas veces presumiu de ser transparente, acabe esta lexislatura cumprindo a Lei e, por todo o

anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Outeiro de Rei a adoptar os seguintes acordos:

1- Que o Goberno Municipal de Outeiro de Rei ofrezca un lugar dentro das instalacións municipais para que os partidos políticos da oposición poidan levar a cabo as súas funcións.

2- Que ese lugar dispoña, como di a mesma lei, dunha infraestrutura mínima de medios materiais.

3- Que se habilite un taboleiro de anuncios no que os grupos da oposición poidan expoñer o que eles consideren preciso.

4- Que se inclúa un espazo na Web do Concello, no que os grupos políticos poidan expoñer as súas opinións, propostas e traballo desenvolvido nos plenos e comisións.

5- Que se ofrezca de xeito claro unha caixa de correo electrónico na páxina web do Concello onde os veciños e veciñas de Outeiro de Rei se poidan poñer en contacto cos diferentes grupos políticos.





Concello de Outeiro de Rei

Rematada a lectura da moción intervén o voceiro do BNG, D. Xosé Ferreiro e di que considera que sería mais correcto si esta moción se tivera presentado ó principio da lexislatura.

O sr. alcalde intervén e di que a estas alturas non ten sentido plantexarse isto. Ademais que a Casa Consistorial non é grande dabondo para poder ter despachos individuais pois de feito, ata grupos altos de funcionarios deste concello comparten despacho.

Sometida a votación a moción, resulta rexeitada por 3 votos a favor (2 do BNG+1 do PSOE) e 9 en contra (PP).

MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DAS DIETAS DAS COMISIÓNS DE COORDINACIÓN

Previo á lectura da moción o voceiro do BNG explica que tiveron que presentar esta moción porque o alcalde lles nega un papel que pediron fai un mes.

O voceiro do BNG, Xosé Ferreiro presenta ante o Pleno da Corporación a seguinte moción, que se le, e se debate.

PARA QUE O PLENO INSTE AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN QUE COBRARON DIETAS POR ASISTIR Á CHAMADA “COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN” A QUE DEVOLVAN OS CARTOS COBRADOS ÁS ARCAS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai xa varios anos, o Alcalde constituíu o que el chama unha “Comisión de Organización”, na que están presentes os concelleiros e concelleiras pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular.

Esta comisión véñse reunindo regularmente, especialmente cando hai outro tipo de reunión no concello, ben sexan Xuntas de Goberno, Comisións Informativas ou mesmo un Pleno da Corporación. As reunións desta mal chamada “comisión”, teñen unha duración de poucos minutos, sendo os seus acordos totalmente irrelevantes, como ben se pode deducir das propias actas que se levantan.

A realidade é que a pesares da irrelevancia das reunións, as persoas asistentes cobran igualmente os 120 euros de asistencia, cartos que se suman ao cobrado pola asistencia aos outros órganos que se reúnen ese mesmo día, normalmente de forma consecutiva.

Dende o BNG cremos que esta comisión está irregularmente constituída, pois as comisións do Pleno están reguladas por lei e, en todo caso, en todas as comisións existentes deberían estar representados todos os grupos políticos, cuestión que aquí non ocorre.

Ademais do dito anteriormente, dende o BNG tamén cremos que as dietas por asistencia están pensadas para compensar os desprazamentos e o tempo que se ocupa





Concello de Outeiro de Rei

nas reunións, co cal dadas as horas e días de celebración destas reunións, así como a duración destas, carece de todo sentido lóxico esta duplicidade no cobro das dietas de asistencia.

En todo caso, deixando aparte a legalidade, porque serían outros órganos quen terían que ditaminalo, o que está moi claro para o BNG é que o cobro deste cartos está fóra de todo comportamento ético ou moral. Non se pode estar a pedir o esforzo á cidadanía para que pague os impostos e logo as persoas que os representan cobren esas cantidades por estas reunións totalmente innecesarias e cunha duración duns poucos minutos.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

Que o Pleno da Corporación de Outeiro de Rei inste aos concelleiros e concelleiras que cobraron algunha cantidade por asistir á chamada Comisión de Organización a que procedan a devolver esas cantidades cobradas ás arcas municipais na maior brevidade posible

Rematada a lectura da moción, o sr alcalde rebátea dando lectura ao Regulamento que regula o funcionamento da Comisión de Coordinación que figura debidamente publicado no BOP de Lugo e na páxina web municipal.

Explica o sr. alcalde que eles, os concelleiros e concelleiras do BNG, seguramente non estaban na corporación en 2011 pero que iso non lles exime de ter que saber as cousas. Por outra banda, indícalles que eles tamén cobran as súas dietas polas asistencias a comisións, moitas delas, cunha duración de 5 minutos, e que o certo é que deberían devolver os cartos cobrados porque non fan nada por este Concello.

Di o sr. Alcalde que si non van eles á Comisión de Coordinación é porque non son concelleiros e que esta comisión é de concelleiros e concelleiras con delegación.

O alcalde explica que ó seu xuízo pouco gañan os concelleiros e concelleiras dos gobernó porque si este Concello de Outeiro de Rei vai para arriba é porque ten un bo equipo de gobernó. Critica que o BNG fai unha política que se basa unicamente en meterse cos concelleiros, os funcionarios...e non se fala nada de xestión.

Di o sr. Alcalde que o BNG quere que os demais devolven o diñeiro pero que eles cobran moito mais do que lles correspondería si fora proporcional por exemplo, a asignación aos grupos políticos.

O concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro, respecto do Regulamento Orgánico da Comisión de Coordinación, opina que o feito de que esté publicado no Boletín non significa que sexa legal. E que en todo caso, puidendo ser legal, pode non ser ético.

Di que él cobra uns 100 euros ó mes.

Dille o concelleiros ço sr. Alcalde que aínda que a asignación ós grupos políticos srexax a mesma, cóbrase tamén unha asignación por número de concelleiros así que ahí existe





Concello de Outeiro de Rei

moita diferenza pois un grupo cobra sobre 14500 e outro sobre 4500.

O concelleiro nacionalista di que él tamén considera que si un equipo de goberno traballa, debe cobrar, pero cun soldo, non con pagos escondidos.

O sr. Alcalde di que o sr. Ferreiro dixo que cobraba 100 € ó mes e cobran 4500€

O concelleiro Xosé Ferreiro interrompe ó sr. Alcalde ó entender que os datos que o sr. Alcalde está facilitando non son certos e o sr. Alcalde lle pide que non lle interrompa e esté tranquilo ata que acabe a intervención.

O sr. Alcalde di que él o que dixo é que a asignación ós grupos políticos é a mesma con independencia do número de concelleiros que teña o grupo, e que iso é certo.

Igualmente di o alcalde que na Deputación de Lugo todos os deputados do BNG cobran unha dedicación exclusiva duns 50.000€ e ademáis a asignación por grupo.

Di o sr. Alcalde que o certo é que os concelleiros e concelleiras do PP de Outeiro cobran por asistir a comisión, o mesmo que os concelleiros e concelleiras da oposición.

Sométese a votación o contido da moción, resultando rexeitada por 9 votos en contra do PP, 1 abstención do PSdeG, PSOE e 2 votos a favor d BNG

MOCIÓN DO BNG DE SOLIDARIEDADE COA VECIÑANZA DA URBANIZACIÓN DA PALLOZA

O voceiro do BNG, Xosé Ferreiro, da lectura á moción presentada polo seu grupo relativa á solidariedade cos veciños da Urbanización a Palloza, que se copia e debate:

MOCIÓN

PARA QUE O PLENO EXPRESE O SEU APOIO E SOLIDARIEDADE COAS VECIÑAS E VECIÑOS DA URBANIZACIÓN “A PALLOZA” POLA SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN E POLA DISCRIMINACIÓN QUE SOFREN DENDE HAI ANOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis, o concello segue sen arranxar o grave problema que están a sufrir 22 vivendas na Urbanización da Palloza, en Outeiro de Rei. Hai xa 20 anos que estas vivendas están habitadas, pagando todos os impostos regularmente e, sen embargo, seguen a carecer dos servizos esenciais que teñen a maioría dos veciños e veciñas de Outeiro.

Seguen, 20 anos despois de vivir aí, con luz de obra, sen contadores de luz individuais. Seguen coas rúas de terra, cuestión que se fai insoportable, tanto no verán polo po, como no inverno polo lodo. Carecen absolutamente de alumeado público e o servizo de saneamento non se sabe moi ben como está. En definitiva, levan 20 anos tratados como cidadáns de segunda, sen os servizos básicos que ten a demais





Concello de Outeiro de Rei

veciñanza do concello.

Esta é unha situación manifestamente inxusta da que o único responsábel é o Alcalde e o seu equipo de goberno. Hai que lembrar que todo deriva de cando a empresa construtora deu en quebra antes de rematar a urbanización e o concello non lle tiña esixido o aval bancario que sería necesario para facerse cargo dos servizos comúns, tal e como sería procedente e obriga do concello. A empresa desapareceu e os cartos para construír os servizos comúns non apareceron, servizos que ademais estaban dimensionados para un número moito maior de vivendas das que ao final quedaron.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- O Pleno da Corporación de Outeiro de Rei quere expresar a súa solidariedade e apoio coas persoas que viven na Urbanización da Palloza ante a grave situación de discriminación que están a sufrir por parte do Alcalde e do seu Equipo de Goberno.

- O Pleno da corporación de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao seu equipo de goberno a que de forma urxente poña en marcha as medidas necesarias para que estas veciñas e veciños de Outeiro teñan os mesmos servizos que as demais persoas que viven no resto do concello.

Logo da lectura da moción, intervén a concelleira socialista María del Carmen Acacio e di que esta moción é electoralista e que debería solicitarse unha actuación xa do Concello.

Manifesta tamén que se dota ano tras ano nos orzamentos municipais o coste das actuacións para as obras da palloza e nunca se fan.

O sr. Alcalde lles di que parece que vivan noutro país tanto os do BNG como a concelleira do PSOE.

Explica o alcalde que todo o mundo sabe que coa crisis quedaron moitas urbanizacións sen acabar.

Continúa explicando o alcalde que prodúxose unha quiebra por parte dunha empresa logo de aprobarse un plan de sectorización, a través da figura de propietario único. Ese propietario único vendeu a outros propietarios quen coa compra, asumían as cargas preexistentes.

Así que todos asumían as cargas de urbanización e sabían que tiñan un prazo para executar a urbanización.

O concello, á vista da inactuación da empresa, ofreceulle aos propietarios entrar nun





Concello de Outeiro de Rei

sistema de compensación, pero eles preferían entrar en sistema de cooperación. Foi necesario facer un estudio de costes, reuniuse aos propietarios para que coñecesen os cpstes, e aprobouse o cambio de xestión.

O sr. Alcalde enumera todas as obras que se teñen feito alí, como levar fibra óptica, a rede de auga municipal, estase facendo a reparcelación e xa se fixo o proxecto da urbanización e está pendente de informes sectoriais como o de Confederación.

O sr. Alcalde recrimínalle ó Sr. Xosé Ferreiro que diga que si os cidadáns teñen que pagar impostos debe ser obrigatorio dotarlle de todos os servicios, pero sin embargo en Lugo, onde se cobra mais do dobre en IBI, moitos veciños non teñen rede de auga nas suas casas.

Di o sr. Alcalde que efectivamente se trata dunha moción electoralista.

O sr. Alcalde propón unha posible enmenda da moción pero o sr. Xosé Ferreiro non a acepta porque considera que está ben como está.

Sométese a votación o fondo da moción resultando rexeitada por 9 votos en contra (do PP) e 3 a favor(2 do BNG e 1 do PSOE).

MOCIÓN DO PP SOLICITANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL O MANTENEMENTO E MELLORA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS EN OUTEIRO DE REI

Rematada a lectura da moción, o sr. Alcalde aclara que a Deputación de Lugo ten todas as vías propias cheas de fochancas. Que isto leva así mínimo toda a lexislatura. Que dende que xa non está Cacharro non se volveron a bachear as vías provinciais. Considera o sr. Alcalde que o da Deputación é impresentable, e pide que se apoie a moción.

A concelleira do PSOE di que esta moción é electoralista e que a rede de estradas de Deputación é moito maior que a da Xunta de Galicia.

Intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro e di que cre que eles nunca votaron en contra de mocións deste tipo. Afirmar que é certo que Outeiro de Rei está discriminado porla Deputación e que o BNG de Outeiro ten que defender os intereses dos veciños de Outeiro.

O sr. Alcalde di que é certo que existe discriminación por razóns políticas e incluso que habería que mirar de acudir á Xustiza. O concelleiro nacionalista di que a Área de Cultura da Deputación non discrimina a Outeiro pero o resto de Áreas probablemente





Concello de Outeiro de Rei

si e que por este motivo van votar a favor.

O sr. Alcalde contéstalle á concelleira do PSOE Carmen Acacio que probablemente todosos veciños deberían manifestarse diante da Deputación e que con Cacharro fixéronse mais estradas e que tanto a Xunta como o concello asumiron estradas da Deputación.

O sr. Alcalde diríxese ó concelleiro nacionalista e lle di que debería actuar si tan mal lle parece e que lle sorprende que os critique públicamente cando son eles mesmos. Dille que él (o sr. Ferreiro) foi deputado na Deputación.

Auséntase a concelleira popular Begoña Seco uns inutos e volve a entrar

Di o sr. Alcalde que cando se gastaron 17.000.000€ en estradas foi gracias a chegar a un acordo co PP. Desexa o sr. Alcalde que na próxima lexislatura a Deputación cumpra coas suas obrigas e dille ó concelleiro nacionalista que o esforzó da Área de Cultura da Deputación con Outeiro tampouco ñe tan grande porque á Escola de Música aporta 20.000€, o mesmo que Rábade con mil e pico habitantes.

Sométese a votación o fondo da moción resultando aprobada por unanimidade.

PREGUNTAS.

1º.-Presenta o BNG unha pregunta, que le a Secretaria e se copia:

PREGUNTA REFERIDA AO RESPONSABLE DO CIRCUÍTO DE VELOCIDADE DE OUTEIRO DE REI EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai uns días pudemos ver unha película de promoción de Outeiro de Rei na que aparecía entrevistado un funcionario do concello, Luís Pardo Ferro, en calidade de responsable do Circuito de Velocidade de Outeiro de Rei.

Dado que dende este grupo municipal éramos descoñecedores da existencia de tal cargo e moito menos de que este recaese nesta persoa, dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno as seguintes preguntas:

PREGUNTAS: - Quen, cando e de que forma foi creado este cargo e nomeado este funcionario, Luís Pardo Ferro, como responsable do Circuito de Velocidade de Outeiro de Rei.

- Unha vez que parece que existe ese cargo e ese nomeamento, cales son exactamente as súas funcións e responsabilidade.

Responde o sr. Alcalde que seguen personalizando os asuntos municipais como neste caso, ó ser fillo do alcalde, pero se trata dun funcionario de carreira. Explica o sr. Alcalde que como Xefe de persoal que é, él fai todos os encargos que considere; pero ademáis é que ese posto de traballoten asignada na RPT as función de autorización e uso dos espazos públicos. O sr. Alcalde afirma que o circuito é a única instalación deportiva que reporta beneficios e os veciños de Outeiro a usan gratis.

Agradece os servicios prestado ó funcionario.

2º.- A concelleira popular Dona Begoña Seco presenta unha pregunta de forma oral que di:

O sr. Alcalde da lectura á resposta, explicando o seguinte:





Concello de Outeiro de Rei

En relación a la noticia publicada primero en el panfleto político del BNG y posteriormente en la Voz de Galicia el día 20 de abril de 2023, medio de comunicación al que el BNG facilitó la siguiente información que dice:

“Hace casi 17 años que una parcela del polígono de Matela, en el municipio lucense de Outeiro de Rei, vio cómo se instalaban los primeros **paneles solares** en un territorio que, por entonces, estaba en pleno crecimiento. Ahora, más de una década después, hay quien empieza a dudar de que la adjudicación de esos terrenos fuese todo lo justa que debiera. Y es que, hace apenas unos días, el BNG de Outeiro de Rei repartió entre los vecinos un dossier en el que sugiere que el alcalde, el popular José Pardo, y el por entonces secretario municipal, se pusieron de acuerdo para que el primero le diese la concesión de la parcela al segundo **a precio de saldo y, presuntamente, sin las garantías legales pertinente**”s.

Y a la vista de la pregunta formulada por la concejala Begoña Seco relativa igualmente a este tema quiero aclarar los siguientes aspectos:

En fecha 5 de diciembre de 2022 al portavoz del BNG de este ayuntamiento se le facilitó copia de unos documentos que había solicitado.

Estos documentos eran:

- 1.- certificado aprobación expediente concesión demanial
- 2.- BOP 17 xuño 2006
- 3.- certificado adjudicación expediente concesión demanial

Esto es importante porque las mentiras que se cuentan en el panfleto y en la Voz de Galicia son con plena consciencia de que son mentira, ya que la información cierta la tienen en su poder pero no les interesa.

La realidad es la que es y eso es incontestable.

El 17 de junio de 2006 salió publicado en el BOP un concurso público para que quien estuviese interesado pudiese solicitar el uso de una parcela municipal en el Polígono de empresarial en Matela.

La gestión sistemática del gran desarrollo urbanístico de este Concello de Outeiro de Rei, generó un notable patrimonio municipal de parcelas demaniales bajo la calificación de suelo dotacional público. Dicho suelo dotacional de titularidad municipal excedía de las necesidades y previsiones del Ayuntamiento de instalación de servicios públicos de gestión directa a largo plazo. Y por ello se decidió sacarle un rendimiento económico, sino solo sería una parcela más, vacía, sin aportar nada mas que gastos de mantenimiento. Se decidió así por ser la parcela apta técnica y urbanísticamente para la producción y fomento de energías renovables bajo la utilización de tecnologías de generación de energía fotovoltaica. La promoción, defensa y conservación del medio ambiente es una competencia y obligación municipal, a tenor de los artículos 25 y 26 de la Ley 7/1985, de 2 de abril. Dicha competencia incluye el fomento de la producción de energías renovables, como lógica contribución a la reducción de emisiones contaminantes a la atmósfera.





Concello de Outeiro de Rei

El uso de la parcela sería por 35 años quien la usase tendría que pagarle un canon al ayuntamiento. Se publicaron los criterios que iban a ser lo que iban a puntuar las ofertas y durante 15 días fue esta publicidad en el BOP. Es decir, a quien le hubiese interesado, se podría haber presentado y ojalá se hubiesen presentado 20 empresas, pero no fue así, se presentó únicamente una empresa.

Y se analizó si existía incompatibilidad entre la empresa que se presentó LUSLIMPA y el ayuntamiento de Outeiro de Rei, pero no se observó existencia de incompatibilidad y por se motivo se le adjudicó el 9 de febrero de 2007 por 35 años con el pago por parte de la empresa de 70.000€, esto es 2000 euros al año.

Sabemos que le fastidia que una empresa le aporte 70.000 euros al ayuntamiento por el uso medioambiental de una parcela, pero desde luego legalmente el expediente es indiscutible.

DESDE UN PUNTO DE VISTA PATRIMONIAL

La superficie de suelo ocupada es de 4000m²., por la que se cobra un canon anual de 2000 euros.

Este precio es más de 300 veces superior al del arrendamiento de suelo rústico en el término de Outeiro de Rei, cuyo mayor precio de referencia de BANTEGA para la parroquia de Outeiro de Rei en el ejercicio de 2021 es de 168 euros/hectárea/año.

Asimismo, a lo largo de la vida de la concesión, el Ayuntamiento percibirá la cantidad de 70.000 euros en concepto de canon, al tiempo que se estima ahorre un monto aproximado de 20.000 en costes de gestión de la biomasa y conservación, lo que significa que el repercusión económica de los 4000m² será de aproximadamente 90.000 euros, importe este muy superior al de compra de igual superficie de suelo rústico y se aproxima al de compra de suelo urbano o urbanizable.

En este punto cabe señalar que la legislación del suelo permite la instalación de estas instalaciones en suelo rústico, si bien su afeción sobre el medio natural es claramente superior, lo que hace una idea de la conveniencia para el interés público patrimonial de la concesión.

DESDE EL PUNTO DE VISTA AMBIENTAL

La licitación en el año 2006 de la concesión para la implantación de energías renovables significó adelantarse 15 años a la Ley 7/2021, de 20 de mayo, de cambio climático y transición energética, en un contexto en el que las tecnologías y los costes de implantación eran muy superiores a los actuales.

La concesión de suelo para la generación de energías limpias fue el primer ejemplo del compromiso de este Ayuntamiento con el medio ambiente, a lo que siguieron las diversas actuaciones de implantación de energías renovables en edificios municipales y, más recientemente, la concesión demanial para la instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos.





Concello de Outeiro de Rei

Por lo tanto, la contribución del Ayuntamiento en la descarbonización de la economía es pionera, y ello mucho antes de que el actual Gobierno de la nación aprobara la “Estrategia de descarbonización a largo plazo 2050” en la que se prevé que el 100% del sistema eléctrico sea renovable.

La exposición de motivos de la Ley de descarbonización hace hincapié en la transversalidad de la Ley, que implica a todos los sectores y operadores, públicos y privados. Los Ayuntamientos tenemos la responsabilidad de contribuir con nuestros medios, ya sea patrimoniales o mediante la contratación pública.

DESDE EL PUNTO DE VISTA ADMINISTRATIVO

Desde una perspectiva administrativa hay que considerar que la concesión se otorgó previa publicación en el BOP, con criterios absolutamente objetivos consistentes en el mayor cánon concesional y que se presentó únicamente una empresa (la adjudicataria).

Por lo tanto, está totalmente descartado que se beneficiase a una empresa en perjuicio de otra. Cualquiera pudo participar y si no participó es, sencillamente, porque la condiciones no eran interesantes.

Por tal motivo, la actuación administrativa fue totalmente objetiva.

Por otra parte, consta el escrito de abstención en el expediente del funcionario afectado.

Explicaré por último, por si queda algún resquicio de duda que la Junta Consultiva de contratación administrativa en Informe 62/09, solamente 2 años después de la adjudicación del uso de esta parcela informaba que:

En numerosos dictámenes ya se ha sentado el criterio de que si el Ayuntamiento es quien recibe los fondos, cantidades o rentas del concejal contratista, en este caso no habría incompatibilidad. Así los informes 52/99 (alquiler de bien inmueble de propiedad municipal) y 07/98 (contrato de aprovechamiento de bien comunal) en los que la Junta Consultiva entendió que se hace difícil apreciar un supuesto de incompatibilidad al faltar el requisito de que el contrato está financiado, total o parcialmente por la entidad local, al ser el adjudicatario el que deberá abonar una cantidad a esta y no al revés”

Por tanto, en resumen, y para que se entienda.

Si cuando salió el concurso de la parcela publicado en el BOP en 2006, se hubiese presentado la empresa de su mujer (de la mujer de Xosé Ferreiro) porque su empresa se dedicase a la energías renovables, a pesar de que los concejales y los funcionarios están sujetos a incompatibilidad y por tanto también sus parejas e hijos (si había convivencia) al ser la empresa la que le pagaría al ayuntamiento por explotar la parcela, legalmente no habría ninguna objeción y se la habría que adjudicar.

Di o sr. Alcalde que no polígono hai mais de 10 veces a parcela de 400m/2 concedida a





Concello de Outeiro de Rei

LUSLIMPA e a día de hoxe ninguén está interesado na súa explotación.

Di o sr. Alcalde que ou son incompetentes ou son cobardes porque despois de 16 anos, ven agora esto, e durante estes 16 anos non foron capaces de pedirlle explicación ó Secretario e uns meses despois de que marchase, o sacan.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Ó rematar a sesión o sr. Alcalde agradece a todos os concelleiros e concelleiras o seu traballo

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

